

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2015.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

#### **Concelleiros:**

D<sup>a</sup> Ana María Abad López (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosario Balseiro López (PP)

D. Leandro Quelle Franco (PP)

D. Manuel Angel Meitin Rouco (PP)

D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. Alberto Santos Vázquez (PSdeG-PSOE)

#### **Secretario:**

D. Luís M. Fernández del Olmo

#### **Intervención:**

D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día nove de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

### 1.-) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 22 DE DECEMBRO DE 2014.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 22 de decembro de 2014.

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar o borrador da acta da sesión plenaria devandita.

### 2.-) LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO DE 2014. DAR CONTA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta á Corporación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2014, aprobada por Decreto de data 30 de xaneiro de 2015, obrante no expediente.

Polo Sr. Alcalde salientase que o remanente de Tesourería do que dispón o concello de Xove supera os 4.000.000 € , como consecuencia da obriga legal de cumprimento da regra de gasto fixada cada ano polo Ministerio de Facenda.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que a partir da modificación legal introducida no ano 2014, todos aqueles concellos, como é o caso de Xove que cumpran a regra de gasto, que cumpran os requisitos de estabilidade orzamentaria e que estén ó día no pago ós seus provedores, poderán dispor do seu remanente de Tesourería para facer inversións que sexan financeiramente sostibles, posibilidade que dende logo vai ser aproveitada polo concello de Xove ó longo do presente exercicio de 2015.

A Corporación dáse por enterada.

### 3.-) MODIFICACIÓN Nº2 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

*D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,*

VISTO que con data 1 de febreiro de 2015 xubilouse anticipadamente o Traballador Municipal (Encargado Mantemento Maquinas ) D. Nilo Campo Santos titular do posto de traballo N° 32 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove (RPT).

Tra-las reunións mantidas cos titulares de Secretaría, Intervención e Recursos Humanos; como Xefe de Persoal coido, que a alternativa máis viable e que mellor garante a continuidade na correcta prestación das tarefas e funcións propias do citado posto de traballo sería a seguinte:

- Procederíase á amortización e supresión da praza e posto de traballo n°: 32 da RPT.
- Resignaríanse as tarefas e funcións 1 ( coordinar os traballos a executar, e supervisar e controlar os traballos executados e en execución para dar o visto e prace, asesorar e/ou ordenar as correccións pertinentes ) e 2 ( pedir presupostos e comprar repostos e materiais para as diferentes instalacións da súa competencia ) de dito posto de traballo ao posto de traballo n°: 33 (RPT) Persoal Mantemento Maquinas.
- O resto de tarefas e funcións do posto de traballo n° 32 resignaríanse aos postos de traballo n°: 18 (RPT) Encargado Electricidade e n° 64 (RPT) Persoal Electricidade.

Coa alternativa descrita acadaríase:

- Que a reasignación de tarefas e funcións en dous postos de traballos evita problemas de sobreesaturación sen implicar reclasificacións nos postos de traballo afectados.

En consecuencia ao abeiro do disposto no arts. 4.1.a) verbo da potestade municipal de autoorganización e 21.1.h) que me outorga a competencia axeitada en materia de persoal, ámbolos dous da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Propoño ao Concello Pleno, previo informe da Mesa Xeral de Negociación, a modificación da Relación de Postos de Traballo de xeito que:

- Procederíase á supresión do posto de traballo n°: 32 da RPT coa correspondente amortización da praza.
- Resignaríanse as tarefas e funcións 1 ( coordinar os traballos a executar, e supervisar e controlar os traballos executados e en execución para dar o visto e prace, asesorar e/ou ordenar as correccións pertinentes ) e 2 ( pedir presupostos e comprar repostos e materiais para as diferentes instalacións da súa competencia ) de dito posto de traballo ao posto de traballo n°: 33 (RPT) Persoal Mantemento Maquinas.
- O resto de tarefas e funcións do posto de traballo n° 32 resignaríanse aos postos de traballo n°: 18 (RPT) Encargado Electricidade e n° 64 (RPT) Persoal Electricidade.

Como quera que a modificación transcrita obviamente supón unha modificación significativa dos cometidos asignados aos Postos de Traballo con números 33, 18 e 64 da RPT.

Igualmente proponse á Mesa Xeral de Negociación e ao Concello Pleno, seguindo os criterios e procedemento utilizados na elaboración da RPT, a asignación de “ puntos por factor “ e correspondentes valoracións de xeito que o resultado final sería o seguinte:

A) PT 33 Persoal Mantemento Máquinas.

Grupo/Subgrupo; C2/C1

Nivel de Destino: 16

Complemento Específico, puntos: 725.

B) PT 18 Encargado Electricidade.

Grupo/Subgrupo; C2

Nivel de Destino: 17

Complemento Específico, puntos: 850

C) *PT 64 Persoal Electricidade.*

*Grupo/Subgrupo; C2*

*Nivel de Destino: 16*

*Complemento Específico, puntos: 750.*

Polo Sr. Alcalde explícase a modificación da R.P.T. transcrita, sinalando que non é legalmente posible proceder á provisión da praza vacante pola xubilación anticipada do Encargado de Máquinas e salientando que a opción elixida conta co respaldo do Comité de Empresa e dos traballadores directamente afectados polo aumento das súas funcións e pola prolongación da súa xornada de traballo no caso dos postos 18 e 64.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda :

1º) Aprobado inicialmente a modificación nº 2 da Relación de Postos de Traballo do Concello de Xove reflectida na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

2º) Na súa consecuencia, aprobar as subas das contías dos complementos específicos dos postos de traballo 33, 18 e 64, derivadas das modificacións de puntos por factor, reflectidas na proposta transcrita, e da prolongación da xornada de traballo (de 37, 5 horas semanais a 40 horas semanais) dos postos 18 e 64, que por este concepto percibirán o seguinte aumento:

- Posto 18: 1.658, 44 € brutos anuais distribuídos en 14 pagas
- Posto 64: 1.492,40 € brutos anuais distribuídos en 14 pagas

Estes importes actualizaranse anualmente (se é o caso) en función das respectivas actualizacións salariais.

3º) Somete-lo expediente ó trámite de información pública por prazo de 15 días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia, lembrando que no suposto de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo de aprobación inicial entenderase definitivo, procedéndose á remisión do expediente á Administración Autonómica e Estatal.

#### **4.-)PROPOSTA DE ALCALDÍA INTERESANDO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CESIÓN DUN TRAMO DO VIAL DE TITULARIDADE PROVINCIAL Nº 2607 “DESDE CRUCEIRO POR PORTOCELO, CAMINO DE XOVE AL PORTIÑO DE MORÁS”. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Polo Sr Alcalde dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía remitida á Deputación Provincial con data 1 de xullo de 2014, que a seguir se transcribe íntegramente:

*De acordo coas conversas mantidas e ampliando a petición plantexada a medio de escrito de data 8 de abril de 2014 dirixido o Sr. Presidente da Deputación Provincial; polo presente e dunha banda polas razóns expostas no devandito escrito e doutra banda para evitar trocos de titularidade parcial sen continuidade real no vial Nº 2607 DESDE CRUCEIRO POR PORTOCELO CAMINO DE XOVE AL PORTIÑO DE MORAS “, solicítase que a petición de cesión de titularidade a favor do Concello de Xove no vial citado se amplíe ao P.Km. 9.935 de xeito que a cesión de titularidade que se solicita sería a seguinte:*

*Tramo comprendido entre o P.K 6.800 e o P.Km. 9.935 ( entronque co vial nº: 2601 “De Xove ao Portiño de Moras “ ), DO VIAL DA DEPUTACIÓN, PROVINCIAL “ Nº 2607 DESDE CRUCEIRO POR PORTOCELO CAMINO DE XOVE AL PORTIÑO DE MORAS “, Agardando unha resposta a presente petición, despídese de Vd. atentamente.*

Polo Sr. Alcalde explícase á Corporación que pola Deputación Provincial contestouse que non habería problema en aceptar á cesión solicitada, pero que sería necesario que a petición fora ratificada polo Pleno Corporativo.

Doutra banda, o Sr. Alcalde manifesta que a razón da petición desta cesión obedece fundamentalmente á necesidade de facilitar ó Servizo Provincial de Costas a realización de obras xa presupostadas consistentes na reparación da escollera do vial na zona de Portocelo, sen prexuízo de que ó Concello seguirá mantendo as negociacións que sexan necesarias coa Deputación Provincial para mellorar o deficiente estado no que se atopan a maioría dos viais da súa titularidade, ven sexa con convenios de colaboración ou con cesións de viais ó Concello.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Abad López, Meitin Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Quelle Franco, Meitin Rouco, Iglesias Guerreiro e Santos Vázquez, e coa abstención do Sres. López López e López Hermida, acorda ratificar-la petición de Alcaldía anteriormente transcrita.

### **5.-)EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XOVE. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E/OU SUXERENCIAS. APROBACIÓN DEFINITIVA. ADOPCIÓN DE ACORDO.**

Por Secretaría dáse conta á Corporación que sometido ó trámite de información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 299 de data 31 de decembro de 2014, o acordo plenario de data 22 de decembro de 2014 polo que se aprobou inicialmente a modificación do Regulamento de Axuda no Fogar no Concello de Xove; tal e como se reflicte na Certificación de Secretaría obrante no expediente, presentouse unha única alegación rexistrada co nº 253 de data 30/01/2015, por parte da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, na que por indicación do Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e inclusión social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, suxire a introdución dunha serie de modificacións de carácter técnico ó texto do Regulamento inicialmente aprobado.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda:

1º) Aceptar as suxerencias reflectidas na alegación presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais.

2º) Aprobar definitivamente, coas modificacións citadas, o regulamento do servizo de Axuda no Fogar do concello de Xove que na súa integridade a seguir se transcribe:

#### **REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA O FOGAR**

##### **FUNDAMENTACIÓN:**

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, fai referencia expresa como competencia local ós servizos sociais, establecendo no art. 25.1. que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal, asemesmo no art. 25.2. contempla que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e inserción social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, regula o dereito a todas as persoas aos servizos sociais e concretamente no art. 11.1.f) atribúe como unha das funcións dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

Por outra banda o Plan Concertado para o desenvolvemento das Prestacións Básicas de Servizos Sociais nas Corporacións Locais (BOE nº 163 di 08/07/1988), permite o desenvolvemento e a consolidación da rede básica dos servizos sociais comunitarios, dende unha perspectiva técnica

entre as administracións centrais, autonómica e local e garante as prestacións básicas, entre elas a Axuda no Fogar.

Coa entrada en vigor da lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e demais normativa estatal, así como a de carácter autonómico, orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, co decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, que establece no seu artigo 7. b) como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente, en materia de autorización e inspección de servizos sociais da xunta de Galicia, que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos e principalmente coa publicación da orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, e o decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que obriga ás entidades locais a reaxustar e realizar unha adaptación da regulación existente do servizo de axuda no fogar, referencia na disposición derradeira primeira do devandito decreto, onde establece que os concellos disporán de un prazo de 18 meses desde o seguinte día da súa publicación para a adaptación das respectivas ordenanzas; co decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.

En consecuencia, o actual regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Xove inscríbese dentro do ámbito de actuación da Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia; da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar; a Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as Persoas en Situación de Dependencia; o Decreto 15/2010 de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes; o decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia; o decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

### **Artigo 1.- Obxecto e definición:**

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Xove, como prestación básica de actuación do servizos sociais comunitarios, inserta nun sistema integrado de Servizos Sociais, con planificación, coordinación e control público.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, con carácter preventivo, educativo e rehabilitador, naquelas situacións que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización.

O servizo de axuda no fogar constitúe un conxunto de intervencións profesionais, que teñen por obxecto a atención de situacións de dependencia no entorno do domicilio habitual dos/as usuarios/as, fomentado a autonomía persoal e favorecendo a complementariedade da familia e das redes de apoio á mesma. Este conxunto de intervencións serán realizadas por persoal cualificado e sempre coa supervisión técnica por parte dos servizos sociais comunitarios do concello.

A finalidade do SAF é a prestación de atencións e coidados de carácter persoal, doméstico, psico-social, educativo e preventivo, orientado a facilitar aos usuarios/as a autonomía persoal suficiente no seu medio habitual, mentres isto sexa posible e conveniente.

## **Artigo 2.- Obxectivos:**

O obxectivo xeral do SAF é promover unha mellor calidade de vida das persoas, potenciando a súa autonomía e unhas condicións axeitadas de convivencia no seu propio contorno familiar e socio comunitario.

Obxectivos Específicos:

- Favorecer a permanencia das persoas e unidades de convivencia con limitacións de autonomía persoal no seu contorno habitual o maior tempo posible e coa maior calidade de vida.
- Previr situacións de crise persoal ou familiar, prestando un conxunto de atencións a aquelas persoas que se atopan en situacións de carencia de autonomía ou autovalemento.
- Evitar ou retrasar o ingreso das persoas en centros residenciais, sempre que as circunstancias o fagan posible
- Optimizar as destrezas, capacidades e habilidades persoais e familiares que permitan o máximo grao de autonomía.
- Contribuír á creación de hábitos axeitados para garantir unha condicións de vida dignas.
- Promover cambios favorables na dinámica familiar.

Apoiar e complementar á familia en situacións de sobrecarga derivadas da atención as persoas dependentes ou de crise familiar.

- Prestar atención, apoio e intervencións de carácter socio educativo a unidades familiares con menores a cargo en situacións de risco ou con atencións deficitarias, ou ben noutras situacións obxecto de intervención social.
- Facilitar aos coidadores familiares a dispoñibilidade de tempo para actividades de carácter persoal que teñan que realizar fora do domicilio.
- Promocionar outras formas de apoio sociocomunitario e do voluntariado social.

## **Artigo 3.- Contido do servizo:**

O SAF ten consideración de prestación básica, que ofrecerá unha atención integral e polivalente ós/as usuarios/as, abarcando a cobertura de diferentes necesidades da persoa e/ou familia, apoiando e fomentando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida.

Todas as atencións e distintas actividades ás que fai referencia este artigo desenvolveranse reforzando e complementando as capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu

contorno inmediato, non eliminando nin substituíndo as actividades que a persoa usuaria poida realizar e en ningún caso suplantara as responsabilidades familiares.

As actividades que se van a desenvolver dende o SAF poderán ser complementarias a outras intervencións realizadas polos/as distintos/as profesionais doutros programas e proxectos dos servizos sociais.

Para a realización das diversas atencións para desenvolver dende o SAF, a persoa usuaria deberá dispor ou proveerse dos medios necesarios, contando, si é preciso, cos apoio e asesoramento dos servizos sociais comunitarios.

1.- De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse o deitarse
- Tarefas de coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión cando proceda das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativos.

- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientacións espacio-temporais.

- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

- Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.

b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:

- Seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario

- Apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial e similares

c. Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

- Preparación de alimentos.

- Lavado, coidado das prendas de vestir así como do enxoval doméstico.

- Apoio á unidade familiar

- Coidados e mantemento básico da vivenda.

Este tipo de atencións poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.

d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar

2.- Con carácter complementario, unha vez garantido o nivel básico de atención, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar entre outros, as seguintes actuacións e servizos:

a. Actividade de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dispoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares

d. Adaptacións funcionais do fogar

e. Servizo de podoloxía

f. Servizo de fisioterapia

3.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4.- En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5.- En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:

a. A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo

b. Actuacións que, polo seu carácter sanitario deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

#### **Artigo 4.- Persoas destinatarias:**

O SAF estará dirixido a todas as persoas ou unidades de convivencia do Concello de Xove para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

Son potenciais usuarios/as do servizo:

- As persoas maiores con déficits de autonomía.

- Persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.

- Fogares con menores en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.

- Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

- En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente que xustifique a intervención do servizo.

En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención a dependencia.

#### **Artigo 5.- Modalidades de acceso ó servizo:**

O acceso ao servizo realizarase a través dos servizos sociais comunitarios, de acordo coas seguintes modalidades:



## 1.- ACCESO DIRECTO:

O acceso ao servizo será directo para as persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención (PIA), segundo o establecido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo.

## 2.- ACCESO DE LIBRE CONCORRENCIA:

2.1.- Non obstante os puntos que poideran obter, as persoas maiores de 80 anos que, ou ben vivan soas ou ben acompañadas de outro maior de 80 anos, sexa ou non cónxuxe, terán acceso directo ao servizo cun mínimo de 8 horas.

2.2.- Asímesmo, as persoas valoradas como dependentes sin PIA, terán acceso directo ao servizo cun mínimo de 8 horas, en función do grao de dependencia, de tal xeito que:

- Persoas con grao I: mínimo de 8 horas
- Persoas con grao II: mínimo de 16 horas
- Persoas con grao III: mínimo de 25 horas

2.3.- Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ó servizo, logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais comunitarios, resolverase en réxime de libre concorrència de acordo cos criterios establecidos neste regulamento.

De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións en que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos e comunitarios.

Nos supostos recollidos neste artigo empregarase un baremo no que, ademais dos posible déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

Quedan exentos do dereito ao servizo todos aqueles membros que formen parte dunha unidade de convivencia na que algún dos seus compoñentes teñan recoñecida a situación de dependencia e asignado o servizo de axuda no fogar e/ou libranza para coidados no contorno familiar na correspondente resolución do PIA.

### **Artigo 6.- Intensidade do Servizo:**

A intensidade do Servizo determinarase en horas mensuais, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico, diferenciarase así mesmo entre as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia que estará predeterminado no seu programa individualizado (PIA). A súa aplicación será flexible, e garantirá a cobertura das necesidades persoais na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1ª) da orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días da semana.

Nos restantes casos a intensidade do servizo nunca superará as 50 horas mensuais, e virá determinada no informe técnico emitido polos servizos sociais de atención primaria segundo baremo.

### **Artigo 7.- Criterios de Organización e Procedemento:**

O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal e será coordinado por un/unha profesional do equipo técnico

dos servizos sociais da entidade local, cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais.

É competencia do Concello a organización propia do SAF coas funcións de Dirección Técnica do Servizo, Planificación, Programación, Coordinación, Execución, Seguimento, Supervisión, Control e Avaliación. Tamén e competencia municipal a recepción, estudo-avaliación e resolución das solicitudes individuais, así como as propostas de altas e baixas no caso das persoas que acceden ao servizo polo sistema de libre concorrència.

Asemesmo, o Concello, como entidade pública, poderá contratar a prestación deste servizo, no ámbito das súas competencias a empresas, cooperativas, entidades privadas, etc, debidamente autorizadas, segundo o regulado no RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As entidades privadas poderán realizar a prestación dun servizo privado de axuda no fogar en réxime de libre mercado sempre que cumpran os requisitos de autorización e acreditación legalmente establecidos.

Ademais, as entidades privadas non poderán subcontratar a execución da prestación principal do SAF, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria, en aplicación do proxecto de intervención deseñado para cada caso. Sen embargo, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que non teñan carácter regular, as que se poidan executar fóra do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.

1.- No procedemento a desenvolver na modalidade de **ACCESO DIRECTO**, dirixido a persoas con dependencia valorada e que teñen a resolución do programa individual de atención (PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar, a que terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo, será de aplicación o seguinte:

1.1.- Cando no Concello se teña coñecemento a través do sistema informático utilizado, da existencia de un novo usuario por esta modalidade, iniciaranse os trámites para proceder á alta do mesmo no servizo.

1.2.- O/A traballador/a social dos servizos sociais comunitarios, realizarán a visita domiciliaria para a valoración da situación actual elaborando o proxecto de intervención e informe social

Cando teñan que participar no cofinanzamento do servizo, incorporárase no expediente unha orde de domiciliación bancaria

1.3.- O servizo iniciárase previa presentación do persoal da entidade prestadora do servizo por parte do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios.

2.- Na modalidade de **LIBRE CONCORRENCIA**, será de aplicación o seguinte:

- a) O procedemento iniciárase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do procedemento administrativo común, e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado nesta orde.
- b) Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
- c) As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en toda caso por un/ha traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que,

unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, de ser o caso.

- d) O órgano competente para ditar a resolución será o/a Alcalde/sa ou órgano delegado en virtude da delegación de competencias de conformidade co disposto no artigo 21.1 letra s) da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Base de Réxime Local.

3.- Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais comunitarios do concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no acordo do servizo (ANEXO II ).

4.- Non obstante o establecido no parágrafo anterior, cando concorran circunstancias que aconsellen unha intervención inmediata do servizo, esta poderá iniciarse de forma inminente sen necesidade de acollerse ao procedemento de lista de espera regulado no artigo 9.4 deste Regulamento, bastando para isto o informe-proposta do Departamento de Servizos Sociais correspondente, no que se argumentarán as circunstancias que aconsellen esta inmediatez así como a conseguinte proposta e unha Resolución de Alcaldía ó respecto.

O inicio da prestación por vía de urxencia suporá en todo caso a tramitación do expediente de solicitude do servizo, de acordo co procedemento establecido anteriormente.

5.- Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais municipais, para estes efectos cos procedementos contemplados na lexislación vixente en materia de voluntariado.

6. O prazo de alta no servizo, será como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignación de Recursos para persoas que aceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se dita resolución por parte da Alcaldía, para as persoas que aceden ao servizo na modalidade de libre concorrência. Para as persoas usuarias ás que se lles concede o servizo pola vía de urxencia será como máximo de dous días.

7. Previo inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliación da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamén á persoa profesional de referencia.

8. A asignación do persoal de atención directa farase en base ao perfil requirido para cada caso concreto, e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria. Se a persoa usuaria, rexeita ó/á auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de agarda ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa tecnicamente posible. Os cambios do persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse á persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asignado.

9. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo do servizo, segundo o modelo establecido no anexo II desta ordenanza.

10. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo o anexo II da Orde de 22 de xaneiro de 2009, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral.

11. Faráse entrega á persoa usuaria dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo órgano competente.

12. Así mesmo, entregarase á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, o documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.

13. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa á persoa usuaria e remitirase o orixinal ao Servizo de Inspección no prazo de tres días, xunto cun Informe do caso, segundo establece o artigo 6.i do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

14. O departamento de Servizos Sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

a) Un Informe de avaliación inicial, asignado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.

b) Un proxecto de intervención, asignado polo técnico responsable segundo o anexo II da Orde de 22 de xaneiro de 2009.

c) Un acordo de servizo asignado entre o Concello de Xove e a persoa usuaria, segundo o anexo II desta Ordenanza.

d) Informe de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

#### **Artigo 8.- Procedemento de Acceso e Documentación para usuarios de libre concorrencia**

A solicitude para acceder ao Servizo Municipal de Axuda no Fogar poderá ter lugar a instancia de parte ou ben de oficio a proposta dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais.

A solicitude formularase por escrito en modelo normalizado, recollido no ANEXO III do presente Regulamento, que se facilitará nas dependencias municipais de Servizos Sociais e no Rexistro Xeral do Concello, onde deberá ser presentada, ou a través de calquera dos medios sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico da Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

1.- Fotocopia do DNI / NIE do/a interesado/a. No caso en que a persoa solicitante actúe a través de representante deberá presentar: documento acreditativo da representación invocada ( copia compulsada da sentenza de incapacitación legal e nomeamento de titor/representante legal ou apoderamento notarial);en todo caso, fotocopia compulsada do DNI/NIE/pasaporte da persoa que teña dita representación.

2.- Volante de empadramento colectivo dos membros de convivencia.

3.- Fotocopia da tarxeta sanitaria das persoas beneficiarias do servizo.

4.- Xustificantes de ingresos de cada membro da unidade de convivencia computable:

a) Declaración da última declaración fiscal da renda, certificación negativa ou autorización ao Concello a solicitar, da Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria.

b) Xustificantes de pensións, prestacións ou rendas de traballo (INEM, INSS, nóminas, certificacións empresa dos rendementos de traballo, etc).

c) No caso de percepción de ingresos irregulares en contía e periodicidade, tomarase a contía percibida nos doce meses anteriores a da solicitude, mediante unha declaración individualizada e por escrito.

- d) Calquera outro documento acreditativo da situación económica e laboral (vida laboral, contratos laborais, etc)
- e) Calquera outro documento que poidera ser necesario no exercicio das funcións establecidas no artigo 12.1 do presente Regulamento.

5.- Informe médico (segundo modelo Anexo IV), elaborado por persoal facultativo do servizo público de saúde. Se foran necesarios para valorar a prestación do servizo, poderanse aportar informes médicos complementarios.

Con independencia desta documentación, o concello poderá solicitar os documentos complementarios que, durante a tramitación do expediente, estime oportunos en relación coa prestación solicitada.

A administración municipal poderá dispoñer que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos aportados polos/as interesados/as, coa debida atención ao disposto na Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Igualmente poderá reclamar, as aclaracións por escrito e a documentación necesaria co fin de garantir a correcta cumprimentación do expediente.

A documentación económica e familiar revisarase anualmente.

#### **Artigo 9.- Tramitación do servizo na modalidade de libre concorrência:**

1.- Recibida a solicitude xunto coa documentación correspondente, o persoal municipal responsable do servizo de axuda no fogar, procederá a comprobar os datos aportados e que a solicitude reúne os requisitos establecidos no presente regulamento comunicando á persoa solicitante que nun prazo de 10 días enmende a falla ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non se fixera así, de acordo co art. 71.1º da lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico da Administración Pública e do procedemento administrativo común, se terá por desistido da súa petición.

2.- Unha vez completados os expedientes e realizada a visita domiciliar así como as entrevistas necesarias, elaborárase o informe – proposta, no que se recollerá ademais da información do informe social, os seguintes datos:

- a) Proposta de concesión / denegación.
- b) Causa de denegación no seu caso
- c) Puntuación total.
- d) Tarefas a realizar
- e) Horario aproximado do servizo, duración e intensidade do mesmo.
- f) Observacións no seu caso

3.- A proposta de resolución tanto favorable como desfavorable, será sometida a dictame da Xunta de Goberno Local ou Decreto do órgano competente municipal en materia de servizos sociais, cuxa resolución será remitida por escrito á persoa solicitante.

4.- De ser positiva a resolución, en función da dispoñibilidade do servizo, o/a beneficiario/a pasará a ser alta do SAF, ou ben á lista de espera, e ocupará nela o número de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada polo seu expediente trala súa baremación. No caso de igualdade de puntuación a prioridade establecerase pola antigüidade na lista de espera.

A concesión do servizo considerase prorrogada en tanto non se acorde a súa baixa por Resolución do órgano municipal competente ou ben presente baixa xustificada da persoa interesada.

Contra a denegación do servizo, a persoa interesada poderá interpoñer os recursos e reclamacións estipulados na lexislación vixente.

5.- Este procedemento poderase acurtar cando unha situación reciba a consideración de urxente segundo o criterio do/a Traballador/a Social dos Servizos Sociais municipais. A súa xustificación estará motivada por presentarse a necesidade de forma imprevista e de súpeto e/ou en situacións de alto risco e terá a validez só mentres se mantéña a situación desencadeante. A súa desaparición levará consigo a extinción do carácter urxente do caso e pasará ao proceso ordinario de resolución da petición.

6.- Para a posta en funcionamento do servizo será requisito previo e imprescindible que o/a usuario/a asine un contrato interno a modo de compromiso de respecto ás normas do servizo, as tarefas a desenvolver e achega económica correspondente.

#### **Artigo 10.- Requisitos:**

Son requisitos xerais para ter acceso ó servizo:

- Estar empadroadado/a e con residencia efectiva no concello de Xove.
- Facilitar a documentación requirida para efectuar a solicitude.

#### **Artigo 11.- Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación de solicitudes do servizo na modalidade de libre concorrência estará aberto todo o ano.

#### **Artigo 12.- Profesionais do servizo:**

O servizo estará coordinado por persoal técnico cunha cualificación mínima de diplomatura universitaria área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200-399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar que, no caso de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, deberá estar en posesión do título de Técnico en atención a persoas dependentes, regulado no Real Decreto 496/2003, de 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1593/2011, de 4 de novembro ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

Son funcións do coordinador do servizo do concello de Xove responsable do programa municipal de Axuda no Fogar:

- Programación e avaliación xeral do servizo.

- Difusión e información sobre o servizo.
- Supervisión e control da xestión do servizo.
- Estudo e análise das demandas e dos resultados
- Recibir a solicitude, realizar o estudo, diagnose, baremación e informe social para a resolución
- Sinalar e definir os obxectivos das intervencións, e realizar o protocolo de derivación para o/a traballador/a social da entidade coa que teña contrato administrativo o concello para a prestación do servizo.
- Avaliar e facer o seguimento de cada caso, sempre que sexa necesario e como mínimo, cada dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo do servizo.
- A coordinación e avaliación continua co/a traballador/a social da empresa ou entidade adxudicataria do servizo.
- Formular propostas de modificación do servizo: ampliacións, reducións, baixas, etc. no caso de usuarios de libre concorrência. Para os usuarios do sistema da dependencia estarase ao establecido na normativa de aplicación.
- Comprobación, no seu caso, da veracidade dos datos aportados polos solicitantes do servizo, en particular, os compoñentes da unidade de convivencia efectiva. A tal efecto, poderá recabar do personal de vixilancia municipal ou por calqueira outros medios, a emisión de informe ou a aportación de datos relevantes para efectuar a súa valoración.
- No exercicio da potestade que ten atribuída o Concello, o/a traballador/a social do Concello, poderá instar a revisión de oficio dos casos nos que se manifeste un cambio das circunstancias existentes no momento do acceso ao servizo que puideran dar lugar á denegación/concesión do mesmo ou variación do número de horas concedidas. Para os usuarios do sistema da dependencia estarase ao establecido na normativa de aplicación

Son funcións dos auxiliares de Axuda no Fogar:

- Executar as tarefas de atención persoal e doméstica deseñadas no proxecto de intervención.
- Facer á persoa usuaria partícipe do seu proceso de vida e non substituílo naquelas funcións que poida desenvolver por si mesma.
- Orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- Orientar e apoiar as persoas usuarias para crear ou manter hábitos de hixiene da vivenda, aseo persoal, control da medicación, etc
- Actuar de enlace entre a persoa usuaria e os técnicos do servizo
- Colaborar co persoal técnico no seguimento e avaliación
- Favorecer o apoio social ás persoas usuarias facilitando e fomentando o contacto co exterior.

### **Artigo 13º.- Dereitos das persoas usuarias do servizo:**

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

- 1.- Ao acceso ao servizo e a seren tratadas con respecto e dignidade.
- 2.- A recibiren unha atención individualizada, adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso
- 3.- A coñeceren a organización e o regulamento do servizo
- 4.- A coñeceren a situación do seu expediente.

- 5.- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 6.- A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- 7.- A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixesen suxestións sobre a súa prestación efectiva
8. A accederen e utilizaren o servizo en condicións de igualdade e non discriminación.
9. Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo , en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.
10. A seren informadas, de xeito claro e preciso, sobre a intervención prevista a elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso, así como a participar na toma de decisión que modifiquen o proceso de intervención acordado.
11. A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.

#### **Artigo 14º.- Deberes das persoas usuarias do servizo:**

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen na Orde de axuda no fogar de 22 de xaneiro de 2009, terán os seguintes deberes:

- 1.- Cumprir coas condicións do servizo facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, os medios materiais necesarios.
- 2.- Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en funcións das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- 3.- A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo
- 4.- Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- 5.- Informar dos cambios de calquera circunstancia que implique unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- 6.- Participar no pagamento do servizo nos termos que se establecen na Ordenanza Fiscal reguladora do servizo vixente no Concello de Xove
- 7.- Comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

#### **Artigo 15º.- Obrigas do persoal do servizo municipal de axuda no fogar:**

- 1.- Observar un trato respetuoso cara a persoa usuaria, evitando que a confianza con este e a súa familia interfira no traballo.
- 2.- Respetar a intimidade da persoa usuaria e gardar a debida confidencialidade.
- 3.- Respetar integramente o horario e as tarefas establecidas e non realizar cambio algún sen previa autorización do profesional responsable.
- 4.- Avisar, nun prazo de 24 a 48 horas, aos usuarios/as das súas ausencias coa debida antelación, trala autorización do xefe de persoal e a comunicación ao profesional responsable do servizo.



- 5.- Non recibir en custodia, en ningún caso, diñeiro, xoias nin obxecto algún.
- 6.- Non recibir ningún tipo de agasallo, prestación ou gratificación por parte do/a usuario/a
- 7.- Non dispoñer das chaves do domicilio, agás cando as condicións das situación concreta así o esixan, sempre coa demanda e consentimento do/a usuario/a e aceptación da persoa coordinadora do SAF.
- 8.- Manter unha relación de equilibrio afectivo axustado a/o usuaria/o.
- 9.- Avisar aos responsables da entidade adxudicataria da prestación do SAF ou no seu caso, aos servizos de urxencia correspondentes, naquelas situacións en que durante a prestación do servizo exista un risco para a integridade do/a beneficiaria/o.

**Artigo 16º.- Causas de extinción, modificación ou suspensión temporal do servizo:**

1.- Serán causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- a) A renuncia da persoa usuaria. (Anexo VII)
- b) O cambio de programa individual de atención ou proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro Concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria ou ingreso en residencia.
- e) Desaparición das causas que motivaron o servizo
- f) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- g) A falta reiterada do pagamento do servizo
- h) Impago das cotas correspondentes durante tres meses consecutivos

Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

Cando se trate de un servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento do sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

2.- Serán causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as seguintes:

- a) A ausencia temporal do domicilio, neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses para as persoas usuarias que accedan ao servizo polo sistema de libre concorrência, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivaron esta ausencia, e un máximo de dous meses para as persoas usuarias de dependencia
- b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía

e a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na correspondente normativa reguladora.

## **RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIERO:**

### **Artigo 17.- Financiamento do servizo**

O servizo de axuda no fogar do concello de Xove, financiarase coas achegas económicas das administracións públicas pertinentes, o orzamento municipal e as aportacións dos/as usuarios/as en aplicación dos baremos aprobados polo concello e establecidas no Acordo Regulador do Prezo Público pola prestación do SAF.

De conformidade co artigo 56.7 da Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o Concello de Xove en concepto de achega das persoas usuarias para a súa participación no custo dos servizos sociais comunitarios estarán afectados ao financiamento dos servizos que reciban.

### **Artigo 18.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do SAF:**

1.- Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo.

2.- A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase de acordo coas normas de valoración contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

### **Artigo 19 .- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento:**

No Servizo de Axuda no Fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas ás referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1.- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considerarase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso á que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006 do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2.- Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, e terminados consonte ás regras de valoración recollidas na lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que

prevé a lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

3.- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

4.- Realizarase unha revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do SAF.

5.- No nivel de renda dos/as beneficiarios/as, e de acordo ao establecido na Disposición Adicional Sexta da Lei 39/2006, non se terán en consideración como renda a contía das prestacións públicas vinculadas ao servizo para coidados no contorno familiar e de asistencia personalizada que se derivan da aplicación deste texto lexislativo.

**Artigo 20.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.**

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior a o IPREM quedará exenta da obriga de participar no custo de servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %

115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

Artigo 21.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento

1.- Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concurrencia, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo ó establecido ao artigo 19 deste Regulamento.

<i>Capacidade económica Ingresos en relación ao IPREM</i>	<i>PREZO</i>
<i>MENOR OU IGUAL A 0.80 IPREM</i>	<i>0% DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 0.80 IPREM E MENOR OU IGUAL A 1.50 IPREM</i>	<i>30% DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 1.50 IPREM E MENOR OU IGUAL A 2 IPREM</i>	<i>50 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>

<i>MAIOR DE 2 IPREM E MENOR OU IGUAL A 2.50 IPREM</i>	<i>70 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 2.5 IPREM</i>	<i>90 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>

2.- Sen prexuízo do anterior poderán establecerse excepción aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente Informe Social.

3.- En calquera caso establecerase un límite máximo de participación económica nas persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

#### **Artigo 22.- Baremo de Puntuación total**

Se a solicitude presentada cumpre os requisitos sinalados, a Traballadora Social dos Servizos Sociais Municipais fará unha valoración e sinalará unha puntuación segundo o baremo establecido no Anexo I que, xunto coa data de presentación da solicitude, condicionarán o lugar a ocupar na listaxe de espera. Este baremo só se aplicará aos usuarios de libre concorrencia.

#### **Artigo 23.- Da coordinación coas entidades privadas que atendas ás persoas usuarias financiadas total ou parcialmente con fondos públicos**

No caso das entidades privadas que presten o servizo de axuda no fogar, mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos, establecendo un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, así como unha copia do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento, dirixidos aos servizos sociais comunitarios básicos do Concello ou entidade local.

#### **Artigo 24.- Obrigados ao pagamento**

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado neste Regulamento as persoas físicas usuarias do servizo de axuda no fogar prestado por este Concello

#### **Artigo 25.- Nacemento da obriga de pago**

O réxime xurídico da participación económica das persoas usuarias no custo do servizo é o establecido polo real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais.

a obriga de pagar os prezos públicos regulados nesta ordenanza, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados neste regulamento satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

Artigo 26. - infraccións e sancións

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo aos pagos, pola lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación, e no resto das materias, polo disposto na lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA:**

Naqueles supostos nos que a revisión supoña a perda da condición de beneficiario do servizo por aplicación do disposto no presente regulamento e na normativa autonómica citada, o beneficiario/a do sistema de libre concorrència, disporá, potestativamente, dun prazo de 15 días durante o cal seguirá recibindo a prestación aos efectos de que durante o citado prazo poda atopar alternativas ao mesmo.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA:**

Unha vez entre en vigor o presente Regulamento nos termos reflectidos na Disposición Final quedará automaticamente derrogado o anterior regulamento, que foi modificado polo Concello de Xove en sesión plenaria de 28 de abril de 2014 e publicado no BOP núm 147 de 28 de xuño de 2014.

#### **DISPOSICIÓN FINAL:**

O presente Regulamento, unha vez aprobado definitivamente e publicado na forma legal establecida, no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles desde a data de publicación, conforme ao previsto nos art. 70.2 e 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

### **ANEXO I**

#### **BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.**

##### **FACTOR I.- AUTONOMÍA PERSOAL: Máximo total 70 puntos**

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración de discapacidade e do grao de dependencia.

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase de acordo coas seguintes táboas:

##### **A) TÁBOA DE EQUIVALENCIA PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL: Máximo 20 puntos**

<b>TÁBOA DE EQUIVALENCIA PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMIA PERSOAL</b>											
Sen minusvalía	Carencia de Autonomía pero pendente de valoración	De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75%-100%		81%-87%		88%-93%		94%-100%	Grao de discapacidade, sen Valoración de ATP ou BVD
				75%-100% de discapacidade e ata 14 pts ATP		75%-100% discapacidade e 15-29 pts ATP		75%-100% discapacidade e 30-40 pts ATP		75%-100% discapacidade e 45-72 pts BVD	Grao de discapacidade + Axuda terceira persoa(RD 1971/1999)
				75% discapacidade e ata 24 pts BVD	25-39 pts BVD	40-49 pts BVD	50-64 pts BVD	65-74 pts BVD	75-89 pts BVD	90-100 pts BVD	Grao de discapacidade + axuda terceira persoa. Puntuación BVD (RD 504/2007)
						Grao I		Grao II		Grao III	Situación de dependencia
0 pts	2 pts	2 pts	4 pts	8 pts	10 pts	12 pts	14 pts	16 pts	18 pts	20 pts	Puntuación Nivel de Autonomía persoal
<b>TOTAL PUNTOS AUTONOMÍA PERSOAL</b>											

B) INDICADOR VALORATIVO DE AUTONOMÍA/DEPENDENCIA PERSOAL: Máximo 50 puntos

Descrición de 11 actuacións puntuadas de 0 a 7 puntos entendendo que:

**1ª Columna** corresponde a realizar as tarefas con normalidade

**2ª Columna** corresponde a realizar as tarefas con dificultade

**3ª Columna** corresponde a non poder realizar as tarefas



	Actuacións	Puntuación		
1.1.1.	Realizar a limpeza no fogar	0	2	3
1.1.2.	Lavar, tender e pasalo ferro	0	2	3
1.1.3.	Asearse, vestirse e espirse	0	3	7
1.1.4.	Preparar alimentos	0	2	3
1.1.5.	Erguerse e deitarse na cama, sofa	0	3	7
1.1.6.	Comer so/a	0	3	7
1.1.7.	Saír so/a do fogar	0	3	5
1.1.8.	Realizar xestións, ir ao médico, banco, ...	0	3	6
1.1.9.	Manexar aparatos básicos, butano, luz, ...	0	2	3
1.1.10.	Administrar gastos para manutención	0	2	3
1.1.11	Administrar medicamentos	0	2	3
<b>Total</b>				

## FACTOR II.- SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR: Máximo total 14 puntos

2.1.- A persoa non recibe ningún tipo de axuda por carecer de familiares directos, carecer de apoio social, non recibir ningún tipo de axuda por falla de relación e/ou interese coa familiares directos, debendo exercerse algunha medida de tipo legal para o cumprimento desta obriga.		14 puntos
2.2.- A persoa ten familia directa pero non recibe axuda		10 puntos
2.3.- A persoa recibe axuda de familiares que presentan as seguintes circunstancias		Puntuación
a) Referidas o/a coidador Situación socio labo	Desocupado/a e/ou inactivo sen cargas familiares	0 puntos
	Traballa media xornada	1 punto
	Traballa a xornada completa en quenda continua ou partida	2 puntos
b) Referidas o/a coidador Situación familiar	Ten menores de 16 anos ao seu cargo	1 puntos
c) Referidas o/a coidador Situación familiar	Ten outro familiar dependente ao seu cargo	2 puntos
d) Referidas o/a coidador Siutación personal	Ten recoñecidos facultativamente déficits na súa saúde que lle dificulta a prestación da axuda	2 puntos
	Ten 70 ou máis anos de idade	2 puntos
e) Referidas o potencial beneficiario do SAF	A persoa non acepta outro recurso mais axeitado á súa situación e elixe libremente vivir soa	0 puntos
	A persoa forma parte da unidade familiar antes de demandar servizo	0 puntos
	A persoa foi acollida tras presentarse a situación pola que demanda o servizo	1 puntos

**Puntos**

**Total puntos situación socio familiar** \_\_\_\_\_

**FACTOR III.- OUTROS ASPECTOS SOCIAIS: Máximo total 10 puntos**

**3.1. Vivenda (total 3 puntos)** **Puntos** \_\_\_\_\_

Non ten neveira, quentador ou/e lavadora (1 punto) \_\_\_\_\_

Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) \_\_\_\_\_

Existen barreiras arquitectónicas no interior/ exterior da vivenda (1 punto) \_\_\_\_\_

**3.2. Integración no contorno (total 7 puntos)** **Puntos**

Situación de illamento ou de rexeitamento (4 puntos) \_\_\_\_\_

Ausencia de relacións sociais (2 puntos) \_\_\_\_\_

Existen escasas relacións coas persoas do contorno (1 puntos) \_\_\_\_\_

**Puntos**

**Total puntos outros aspectos sociais** \_\_\_\_\_

RESUME	PUNTOS
FACTOR I: Total puntos autonomía persoal	
FACTOR II: Total puntos situación socio- familiar	
FACTOR III: Outros aspectos sociais	

**Puntos**

**TOTAL XERAL** \_\_\_\_\_

## **INTENSIDADE DO SERVIZO SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA:**

<b>PUNTOS OBTIDOS</b>	<b>INTENSIDADE DO SERVIZO (HS/MENSUAIS)</b>
<b>&lt;21</b>	<b>0 *</b>
<b>21-25</b>	<b>8</b>
<b>26-35</b>	<b>16</b>
<b>36-40</b>	<b>25</b>
<b>41-50</b>	<b>33</b>
<b>51-60</b>	<b>42</b>
<b>&gt;= 61</b>	<b>50</b>

- Non obstante os puntos que poideran obter, as persoas maiores de 80 anos que, ou ben vivan soas ou ben acompañadas de outro maior de 80 anos, sexa ou non cónxuxe, terán acceso directo ao servizo cun mínimo de 8 horas, tal e como se establece no artigo 5.2.1 do Regulamento.
- Asímesmo, e segundo o artigo 5.2.2 deste Regulamento, as persoas valoradas como dependentes sin PIA, terán acceso directo cun mínimo de 8 horas, en función do grao de dependencia, de tal xeito que:
  - Persoas con grao I: mínimo de 8 horas
  - Persoas con grao II: mínimo de 16 horas
  - Persoas con grao III: mínimo de 25 horas

## **ANEXO II**

### **ACORDO DO SERVIZO**

Reunidos en Xove o día ..... / ..... / ..... dun parte don/dona.....con DNI..... e doutra....., en calidade de técnico/a responsable do servizo de axuda no fogar do concello de Xove

#### **ACORDAN:**

- 1.- Que o Concello de Xove prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, desde o día ..... do.....de.....
- 2.- Que a prestación do servizo de axuda no fogar realizarase con carácter indefinido para as persoas de dependencia e, para as persoas que acceden ao servizo polo sistema de libre concorrência, por un prazo de ....., con posibilidade de prórroga segundo valoración do departamento de servizos sociais.
- 3.- Que o SAF se levará a cabo os días da semana....., por un total de ..... horas mensuais.
- 4.- Que atendendo ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, ao Decreto 149/2013, do 5 de setembro, á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF é a aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria

conta cunha capacidade económica de ..... euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de ... % sobre a súa capacidade económica. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de ..... euros polo total de horas prestadas.

Para as persoas usuarias de libre concorrencia:

Que atendendo ao Decreto 99/2012, do 16 de marzo, á Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF é a aplicación do baremo que corresponde, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de ..... euros, polo que lle corresponde unha porcentaxe de ... % sobre o custo do servizo. En base ao anterior e tendo en conta a intensidade do servizo, comprométese a achegar a cantidade de ..... euros polo total de horas prestadas.

5.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

6.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal	
Atencións persoais en outras actividades	
Atencións de carácter doméstico e da vivenda	
Atencións de carácter psicosocial e educativo	
Atencións de carácter complementario	

7. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inmediatamente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexada ao acordo inicial.

8.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, a na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

9.- Que nas dependencias do Concello se pon a disposición das persoas usuarias un libro de queixas e reclamacións.

10.- Que co presente acordo se entrega á persoa usuaria unha copia da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar debidamente visada polo órgano competente.

Ambas partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asínao.

Xove a .....de.....de.....

A persoa usuaria

O/A técnico/a responsable

### ANEXO III

#### SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

#### SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

Don / Dona.....

Con DNI ....., Estado Civil.....

Data de nacemento....., Enderezo.....

Telefónos...../.....

**EXPÓN:**

Que precisa apoio na realización das tarefas que a continuación se sinalan para continuar no seu contorno habitual:

- Atencións de carácter persoal:
- Atencións de carácter doméstico:
- Atencións de apoio psicosocial:
- Atencións de carácter socioeducativo:
- Atencións de carácter técnico e complementario

Por isto, **SOLICITO** sexa admitida a trámite a miña solicitude do Servizo de Axuda no Fogar, para que se proceda á valoración pertinente para a miña inclusión no servizo.

En Xove a ..... de ..... de .....

Asdo: .....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE XOVE

**ANEXO IV**

**SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

**INFORME MÉDICO**

Recoñecemento efectuado polo/a Doutor/a..... Colexiado/a nº..... médico de..... Localidade..... Teléfono.....

INFORMA:

Que recoñecido/a D./Dña. .... con data de nacemento ..... e D.N.I. ....

Válese por sí mesmo para as

actividades da vida diaria

SI

NON

Presenta deficiencias ou limitacións de grao físico

SI

NON

No caso afirmativo, indicar de que tipo e grao:

	Leve	Importante	Total
Visuais ou auditivas			
Incontinencia			
Dificultade no manexo de extremidades sup. ou inf.			
Trastornos respiratorios			
Outros			

Presenta deficiencias ou limitacións de grao psíquico SI NON  
 No caso afirmativo, especificar cal é e grao:

	Leve	Moderado	Grave
Desorientación tempo-espacial			
Alteracións de percepción			
Trastorno emocional			
Trastornos de memoria			
Trastornos de conducta			
Outros			

Atópase inmobilizado/a na cama: SI NON

Mobilidade: Independente Muleta ou bastón Cadeira de rodas

Discapacidade para:

	Independente	Necesita axuda	Dependente
Alimentación			
Vestido			
Aseo			
Baño			
Utilización WC			
Deitarse- Levantarse			

Diagnóstico, tratamento e cuidados que precisa:

.....  
 .....  
 .....

SINATURA DO/A MÉDICO

de, de 20

**Anexo V**

**RENUNCIA DO SERVIZO**

**SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Nº de expediente:	Usuario:
-------------------	----------

D./Dna. \_\_\_\_\_ de idade, veciño/a de Xove e domiciliado/a en \_\_\_\_\_ con teléfono \_\_\_\_\_ e D.N.I. nº \_\_\_\_\_ obrando en (1),

EXPON:

Que ven sendo beneficiario/a do Servizo de Axuda no Fogar dependente do Departamento Municipal de Servizos Sociais do Concello de Xove dende \_\_\_\_\_ do \_\_\_\_\_, ata a data, e non estando interesado/a en seguir beneficiándose do mencionado Servizo, renuncia a referida axuda, poñendo no seu coñecemento para que se acorde conforme o manifestado.

Xove a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

.- Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XOVE

(1) \_\_\_\_\_ En nome propia, como mandatario, apoderado de D/Dna. .

## Anexo VI

### PARTE DE INCIDENCIAS

#### SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Nº de expediente:	Usuario:
-------------------	----------

D./Dna. \_\_\_\_\_, con D.N.I. nº \_\_\_\_\_ usuario do Servizo de Axuda no Fogar, con domicilio en \_\_\_\_\_

Pon no seu coñecemento que a auxiliar doméstica Dna. \_\_\_\_\_, non cumpre cos seguintes aspectos do contrato.

- Faltar ó traballo.
- Incumprimento do horario.
- Non realización das tarefas asignadas.
- Non respeta-la intimidade.
- Non respeta-la confidencialidade do Concello.

E para que conste e surta aos efectos oportunos. asino a presente en Xove a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XOVE

3º) Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do texto íntegro do Regulamento transcrito, os efectos do sinalado na súa disposición final, dando conta igualmente do mesmo ós efectos do seu visado ó Servizo de Inspección de Servizos Comunitarios e Inclusión Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

**6.-) INFORME PREVISTO NO ART. 4 DA LEI 15/2010 DE 5 DE XULLO QUE MODIFICA A LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DE 2014. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal explicáanse á Corporación os aspectos máis salientables do Informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado

**7.-) INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE A EXECUCIÓN DOS GASTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES, APROBADOS E EXECUTADOS NO EXERCICIO DE 2014. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal explícanse á Corporación os aspectos máis salientables do Informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado

**8.-) INFORME DE INTERVENCIÓN CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DE 2014 SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBEXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO LÍMITE DE DÉBEDA. DAR CONTA.**

Pola Interventora Municipal explícanse á Corporación os aspectos máis salientables do Informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado

**9.-) ROGOS E PREGUNTAS.**

Polo Sr. López López dáse lectura ao Rogo escrito presentado polo Grupo Municipal do B.N.G. que a seguir se transcribe:

*Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o ROGO que segue:*

*Desde o Concello de Xove édítase todos os anos un calendario que se reparte a todos os fogares do municipio. Nos “créditos” do almanaque deste ano consta que a edición da publicación corre a cargo do Concello de Xove (Departamento de Cultura), e aparecen os nomes das persoas promotoras do anuario, diferenciando a responsabilidade política (o alcalde-presidente Demetrio Salgueiro e a concelleira de Cultura M<sup>a</sup> Dolores Meitín) da dirección/maquetación da obra (Lucía Sánchez Meitín). Debido a que supoñemos que estas identificacións consentidas figuran ao efecto de recibiren tanto os posibles parabéns como as posibles críticas de xeito persoal, ROGAMOS que en vindeiras edicións do calendario oficial do Concello de Xove se establezan con rigorosidade as datas de marcado carácter festivo ou de celebración, xa que, tal e como se reflicte no almanaque, nin o 4 de marzo (mércores) é Martes de Carnaval nin o 5 de marzo (xoves) é Mércores de Cinza. Así e todo, queremos felicitar ao equipo de goberno porque o día 2 de abril (xoves) en efecto é Xoves Santo e o día 3 de abril (venres) tamén é Venres Santo.*

*Asemade, e ao abeiro da rigorosidade que esiximos para unha publicación do noso Concello (aínda que habería que debater polo miúdo se é necesaria ou non), ROGAMOS a estandarización*



onomástica para futuras edicións dos nomes do santoral que aparecen no almanaque. No calendario 2015 figura “San Benvenido” en lugar de “San Benvido”, “San Benito” no canto de “San Bieito”, “San Martín” por “San Martiño”, “Catalina de Siena” en troques de “Catarina de Siena”, “San Felipe” en vez de “San Filipe”, “San Benedicto” por “San Benedito”, e así poderíamos continuar coa deturpación de multitude de nomes. Tamén se pode comprobar no anuario que non priman a elección dos antropónimos xenuinamente galegos, chegando a mesturalos e deformatos, como ocorre nos casos de Cidre, Xoán, Madalena, Agostiño, Tomé, Guillermo, Paio, Vincenzo, Paulo, Sabela, Firmino, Hadrián, Cristovo, Henrique, Aleixo, Fiz, Domingos, Lourenzo, Xaquín, Helena, Bernal, Bartolomeu, Artur, Tegra, Tareixa, Duarte, Erea, Calisto, Margarida, Vitorio, Alberte, Icíá, Clemenzo, André, Sadurniño, Vítor, Nicolao, Macías, e outros moitos.

Por estas razóns, reiteramos o noso **ROGO** para que polo Goberno municipal se corrixa as eivas detectadas desde hai anos en relación á onomástica do calendario, facendo prevalecer os antropónimos marcadamente galegos. Así como que desde as instancias municipais se promovan de xeito oficial os nomes orixinais en galego, para o que achegamos unha **ESCOLMA BREVE** cunha selección de 130 antropónimos con algunhas das súas equivalencias ou variantes noutras linguas, todo isto co obxecto de amosar a total colaboración do Grupo Municipal Nacionalista.

Polo Sr. Alcalde pídense disculpas, especialmente aos veciños de Xove, polos erros cometidos na edición do Calendario 2015.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo